



EDICTO Pág. 14035 Reg. 08/14038-x.

[Anterior](#)[Siguiete](#)

Aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior do servizo de xantar a domicilio de Brión

Faise público, de acordo ó establecido nos artigos 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e 196 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que se aproba o Regulamento do Servizo de Xantar a Domicilio de Brión, aprobado inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o 20 de agosto de 2008, quedou aprobado definitivamente ó non terse presentado ningunha reclamación ou suxestión durante o período de exposición ó público do expediente.

Publicase o texto íntegro do regulamento que non entrará en vigor ata que transcorra o prazo ó que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, o cal quedará redactado do seguinte xeito:

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO " SERVICIO DE XANTAR A DOMICILIO"

Exposición de motivos:

A lexislación de Servizos Sociais de Galicia, reflectida na Lei 4/1993, do 14 de abril, incorpora dentro dos programas sociais de atención especializada diversas actuacións, entre as que pode citar o de "XANTAR A DOMICILIO".

A lei de Bases de Réxime Local establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Sinálase que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Atónomas, nas seguintes materias: "prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social"

Con este servizo preténdese facilitar que as persoas maiores e/ou dependentes poidan seguir vivindo no seu medio durante o maior tempo posible cun nivel de independencia e autonomía aceptables.

O obxectivo principal deste programa é polo tanto, mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida de moitas persoas maiores e/ou dependentes, e tamén das súas familias, manténdose no seu entorno comunitario e

retrasando ou evitando a institucionalización.

En consecuencia, no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ós concellos no artigo 4.1 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, dispónse:

Artigo 1º. Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do servizo público municipal de "XANTAR A DOMICILIO", recollido como servizo de "carácter técnico complementario" no Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar (Artigo 4, pto. 4.5)

Artigo 2º. Concepto.

O Servizo de "XANTAR A DOMICILIO" é un servizo de comida a domicilio que pretende falcitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas de compra e/ou elaboración de menús.

Artigo 3º. Obxectivos.

- Proporcionar aos beneficiarios/as unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo aos casos de xeito individualizado e profesionalizado
- Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por manteren unha dieta inadecuada
- Previr situacións de risco que poideran producirse no proceso de elaboración da comida
- Facilitar un respiro ás familias e aos cuidadores, e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres
- Facer un segumeneto e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden ós domicilios

Artigo 4º. Atencións.

Como norma básica, todas as accións desenvolvidas dende o Servizo de "XANTAR A DOMICILIO", terán un carácter excepcional e complementario das capacidades do propio usuario e doutras persoas do seu entorno inmediato. Nunca se prestarán atencións que o beneficiario ou a súa familia e/ou achegados poidan desenvolver por si mesmos, de xeito que se potencie ó máximo a autonomía e non a dependencia.

O servizo constará das seguintes atencións:

- Revisión do estado e capacidade dos frigoríficos.
- Comprobación da existencia e adecuación de microondas.
- En caso necesario, préstamo en réxime de "depósito" de microondas.
- Elaboración de menús adaptados ás necesidades de cada usuario/a: saudable, de réxime, diabética, de fácil masticación,...
- Distribución semanal en domicilio de bandexas diferentes para cada día da semana, que conterán cada unha delas: primeiro prato, segundo prato, sobremesa e pan. Esta modalidade poderá ser variada en función das avaliacións de calidade e/ou rendabilidade social e económica que o Concello de Brión estime oportunas.
- A distribución poderase levar a cabo para 7 días/semana, ou menos, en función das características e situación do/a usuario/a, avaliadas polo persoal municipal encargado.
- Instrucción sobre procedemento para preparación e consumo dos alimentos.
- Retirada de alimentos caducados.
- Controis e inspeccións do correcto funcionamento do servizo.
- Distribución de Menús de Emerxencia para casos extraordinarios.

Artigo 5º.Destinatarios.

Con carácter xeral, os posibles usuarios do servizo serán:

- Persoas maiores de 60 anos que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que poida suplir tal situación.
- Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar ou do contorno, e que requiran de axuda para a preparación de alimentos.
- Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, técnica e avaliada.
- Poderán solicitar este servizo as persoas que, cumprindo cos requisitos anteriores, estean empadroados e sexan residentes no Concello de Brión.
- Cada solicitude será avaliada polo persoal dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Brión en aplicación dun baremo obxectivo elaborado a tal fin (Anexo I), e que se adaptará, en caso necesario, ás instrucións emanadas dende a Vicepresidencia de Igualdade ou Consorcio Galego de Servizos Sociais.

- O número total de destinatarios terá o límite que se derive da dotación anual que o Concello de Brión consigne para o programa, ou do convenio de colaboración asinado co Consorcio Galego de Servizos Sociais.

Artigo 6º. Competencia.

O Servicio de "XANTAR A DOMICILIO" é un servizo de competencia municipal, que poderá prestarse directamente, ou mediante convenio coa correspondente entidade autonómica ou provincial con competencias na materia, ou ao través de contrato de xestión de servizo público, tal e como establece no artigo 116 e 117 e nos artigos 154 e 156, da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público .

Artigo 7º. Profesionais

a) Traballadores Sociais dos servizos sociais de atención primaria, ós que corresponden as funcións de:

- A programación xeral do servizo a nivel municipal.
- As xestións para a financiación municipal.
- As relacións co organismo autonómico, provincial ou privado que preste o servizo.
- A difusión-información sobre o servizo.
- A recepción das demandas.
- A avaliación das necesidades.
- A proposta de concesión/denegación do servizo.
- A estimulación para a autoaxuda e participación familiar e da comunidade.
- A coordinación dos diferentes axentes intervintes.
- A avaliación e modificacións no servizo.

b) No seu caso, técnicos da entidade xestora do servizo:

- Prestación do servizo polos seus propios medios.
- Coordinación do servizo e dos recursos humanos necesarios.
- Supervisión e seguemento do servizo.

- Mantemento das canles de comunicación cos Traballadores Sociais de Atención Primaria.

c) Auxiliares de axuda no fogar (tanto do Concello como de entidades xestoras do Servizo Municipal de Axuda no Fogar):

- Cooperación na posta en marcha e seguemento do servizo en cadanseus casos de SAD.

- Orientación/información ós usuarios ou posibles usuarios sobre o servizo, e ós técnicos municipais e da entidade prestadora sobre a marcha ou as incidencias no mesmo.

- Educativas: sobre o mellor xeito de uso de servizo.

- De colaboración co traballador social e entidade prestadora no seguimento e avaliación.

d) Outros profesionais: educador familiar, psicólogo, persoal sanitario..., que intervirán para cada caso cunha programación específica, elaborada ó efecto con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo.

e) Voluntariado: serán persoas que actúen de forma solidaria, sen expectativas de remuneración, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas encomendadas ó persoal anteriormente citado. As súas funcións encamiñaranse de cara ao acompañamento e a información .

A tal fin, estarase ó disposto na Lei do Voluntariado e na Lei de Servizos Sociais, en canto á formación, responsabilidade, cartas do voluntariado, actuación organizada, obxectivos etc.

Artigo 8º. Normas.

O Servizo de "XANTAR A DOMICILIO" estará rexido polas seguintes normas, que deberán respectar tanto o beneficiario e as persoas do seu entorno, coma os profesionais e voluntarios que interveñan:

1) Establécese como norma habitual para a prestación do servizo o de 1 día/semana, no que se entregarán en domicilio as bandexas do xantar para sete días. Poderá facerse entrega de menús para menos días ou durante períodos determinados.

2) Os usuarios quedan obrigados a comunicar todas as modificacións que poidesen afectar á prestación do servizo: ingresos hospitalarios, variacións na convivencia e nos ingresos familiares, cambios de domicilio, ... etc

3) A situación de alta no servizo poderá ser paralizada temporalmente por:

- variacións que se produzan nas circunstancias persoais e/ou familiares dos beneficiarios.
- falta de dispoñibilidade de medios ou prazas do Servizo a nivel Municipal.
- necesidade de atención de situacións de emerxencia.

4) Con carácter xeral, non se prestará servizo a ningunha persoa que non sexa o titular do mesmo, nen aínda para as que convivan no mesmo domicilio. Exceptuaranse casos técnicamente informados e motivados.

5) Será perceptivo por todas as partes, o respecto ás condicións estipuladas no contrato de prestación do servizo (tarefas, horarios, supervisións, aportacións económicas ...).

6) O usuario e mais os técnicos responsables da entrega e supervisión que tivese coñecemento, deben informar ó técnico municipal responsable de calquera cambio que se produza na situación sanitaria, social, económica e/ou familiar do beneficiario e do entorno, así como das incidencias que afecten á prestación do servizo.

7) Tanto os usuarios como os profesionais e voluntarios que interveñen no servizo, mostrarán un total e absoluto respecto á intimidade e á confidencialidade.

8) Os usuarios non poderán facer entrega de ningunha cantidade nen gratificación en cartos ou especies ás persoas responsables da entrega e/ou supervisión do servizo e aboarán as cotas correspondentes segundo o sistema de domiciliación que se indicará a este efecto.

9) O servizo prestarase únicamente en domicilio, excluíndose a asistencia a hospitais por ingreso do beneficiario

Artigo 9º. Acceso ó Servizo.

A solicitude para acceder ó servizo de "XANTAR A DOMICILIO" tramitarase ante o Concello, ó través do Departamento de Servizos Sociais, aportando como mínimo:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou NIE do solicitante.
- Documentos identificativos das persoas que conforman o núcleo de convivencia.
- Certificado de empadramento e convivencia.
- Tarxeta da Seguridade Social.

- Certificado de valoración da dependencia, no seu caso.
- Informes médicos ou certificado de minusvalía para as persoas que carezan de valoración de dependencia.
- Informe médico sobre necesidades alimentarias especiais.
- Datos para a domiciliación bancaria dos pagos.
- Declaración da Renda de tódas as persoas que conforman o núcleo de convivencia, e no seu defecto, certificado de imputación de rendas do derradeiro exercicio.
- Certificados de contribución rústica, urbana e fiscal.
- Xustificante de ingresos: pensións, paro, nóminas, ...
- Impreso de solicitude.
- Calquera outro documento que se estime oportuno para a correcta valoración da situación familiar e persoal do solicitante.

A tramitación dos expedientes levarase a cabo según o seguinte protocolo:

1) Os servicios administrativos do Departamento de Servicios Sociais comprobarán que a solicitude reúne os requisitos establecidos no presente regulamento, e procederá a reclamar por escrito ós interesados cantos datos e documentos complementarios sexan necesarios para resolver o expediente.

2) Unha vez completados, os expedientes serán remitidos ó Traballador Social de referencia de Atención Primaria, que comprobará as circunstancias sociais do solicitante ó través de visitas domiciliarias e entrevistas. Posteriormente, elaborará un informe-proposta, no que se recollerá:

- Proposta de concesión/denegación e dieta
- Causas de denegación no seu caso
- Duración prevista do servicio
- Aportación económica do beneficiario ou familia
- Data de alta no servicio
- Observacións

3) A resolución sobre a concesión/denegación do servicio correspóndelle ó

Alcalde ou Concelleiro delegado (ou comisión avaliadora creada ó efecto) a proposta do Traballador Social do Departamento de Servicios Sociais.

- 4) Notificación escrita da resolución e condicións do servizo ó interesado.
- 5) Aceptación por escrito das condicións en que se prestará o servizo por parte do interesado, Traballador Social Municipal, Traballador Social de empresa xestora (de habelo), e Auxiliar .
- 6) No caso de existir entidade xestora axena ó Concello, notificaráselle a alta do usuario.
- 7) O Concello terá en todo momento coñecemento da xestión do servizo, ben ó través do Traballador Social do Departamento de Servicios Sociais, que fará o seguemento, ben ó través da información emitida polo Técnico da entidade xestora.

Este procedemento poderá abreviarse cando unha situación reciba a consideración de urxente, sendo esta a que requira unha resposta inmediata a unha situación excepcional.

No caso de que as demandas de servizo excedan a capacidade do programa, elaborárase unha lista de agarda, ordenada segundo a puntuación obtida en aplicación do correspondente baremo.

Artigo 10º.Causas de extinción.

Seran causas de extinción do Servizo de "XANTAR A DOMICILIO" as que siguen:

- 1) Renuncia do usuario.
- 2) Ingreso definitivo en centro residencial.
- 3) Traslado da residencia a outro Concello.
- 4) Baixa no padrón municipal de habitantes.
- 5) Falecemento.
- 6) Desaparición das causas que motivaron a alta no servizo.
- 7) Incumprimento das condicións establecidas no contrato de prestación do servizo ou no regulamento interno de funcionamento do mesmo, de forma reiterada.
- 8) Impago das cotas correspondentes durante 2 meses consecutivos ou non.

9) Falta de colaboración do usuario ou familia que dificulte o bó funcionamento do programa.

10) Deterioro psicofísico que impida ó usuario a realización das tarefas mínimas de control de alimentos en concurrencia coa ausencia de control externo.

11) Ausencia do fogar por causa necesaria, xustificada e comunicada do beneficiario por período superior a dous meses, consecutivos ou non

12) Ausencias do fogar non comunicadas e/ou non xustificadas con anterioridade:

1. Por causa necesaria : como máximo 5 ausencias

2. Por causa non necesaria: como máximo 3 ausencias

13) Cese na prestación do servizo por parte do Concello ou das entidades prestadoras, ou cambios importantes nos convenios de prestación que impidan ou dificulten a concurrencia municipal

Para a suspensión do servizo, o Traballador Social do Concello elaborará un informe coas causas e elebará unha proposta de extinción, que será resolta polo Alcalde ou Concelleiro delegado, e notificada por escrito ó interesado de forma razoada.

Artigo 11º. Causas de baixa temporal.

1) Estancia temporal no domicilio de familiares ou achegados que poidan realizar as labores obxecto do servizo

2) Ausencia do fogar por parte do beneficiario durante un período non superior a 2 meses e por causas forzosas, e non superior a 1 mes por vontade propia.

3) Cando por necesidades do servizo fose preciso amplia-lo número de usuarios e se considerasen prioritarios outros casos en función da situación persoal, sanitaria e/ou económica.

Artigo 12º. Criterios para a concesión.

Os criterios de concesión do servizo basearanse no baremo que se adxunta como anexo, e que contempla aspectos como:

- Autonomía persoal para a realización de actividades da vida cotiá, puntuando niveis de dependencia derivadas de enfermidade física ou mental.
- Situación socio-familiar, establecendo grados en que a familia ou persoas do entorno axuden ou poidan axudar ó usuario.

- Situación socio-económica da unidade de convivencia, tomando como base os ingresos da unidade menos os gastos de aluguer ou amortización da vivenda.
- Outros factores mais específicos coma localización, estado e equipamento da vivenda, gastos precisos para adquisición de bens que fagan posible o servizo, existencia próxima de familiares con recursos ...

Artigo 13º.Financiación.

O Servizo de "XANTAR A DOMICILIO" financiarase inicialmente con cargo ó convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Brión e a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar Social da Xunta de Galicia, así como coas achegas dos usuarios, podendo modificarse esta forma de financiamento e cooperación interadministrativa en interés do Concello e/ou dos usuarios do servizo .

Para os efectos concesión do do Servizo Municipal de Xantar a Domicilio, teranse en conta as rendas da unidade familiar de convivencia, así como as dos familiares non convivintes obrigados a prestar alimentos ou erdeiros (a consideración do cargo ou comisión avaliadora). Consideraranse os ingresos anuais divididos entre 12, e estes obteranse do ano impositivo inmediatamente anterior á data da solicitude.

Aplicarase a seguinte fórmula : $RENDA\ BASE = \text{ingresos da unidade de convivencia e/ou familia obrigada} - \text{gastos de alugueiro ou amortización de hipoteca para adquisición de 1ª vivenda}$

Establécese como prezo inicial do servizo ós efectos de cobro de taxas, o de 1,82 euros/menú/día, revisables anualmente ou por adaptación segundo convenio coa Vicepresidencia de Igualdade.

Artigo 14º.Pagamento de cotas.

As liquidacións de prezos practícaranse por meses naturais, aboándose cada mensuralidade nos 5 primeiros días naturais do mes. O abono efectuarase mediante cargo na conta corrente ou cartilla de aforros do solicitante, que deberá indicar no modelo adxunto.

As entregas de menús que non poidan ser realizadas en domicilio por causas achacables ó/á beneficiario/a, serán facturadas igualmente ata a data en que se proceda á baixa voluntaria ou de oficio.

As tarifas revisaranse anualmente ou no momento en que se plantexen cambios no financiamento do programa, para o que o beneficiario aportará a documentación que lle sexa requirida.

Artigo 15º. Soporte documental.

O desenvolvemento da prestación deste servizo acarrea a instrumentalización do seguinte dosier documental:

- Cadernos de valoración da situación social, económica e familiar (Anexo I)
- Impreso- Instancia de solicitude
- Impreso de domiciliación bancaria
- Informe Social/proposta técnica de resolución
- Resolucións de concesión e denegación do servizo
- Contrato entre usuario e Concello
- Compromiso de aceptación das condicións do servizo e autorización de entrada no domicilio por parte do usuario
- Ficha de usuario
- Impreso- Instancia de baixa voluntaria
- Informe Técnico sobre baixa no servizo

Disposición adicional única

Se por necesidades propias do servizo ou por necesidade de adaptación a criterios provintes da Vicepresidencia de Igualdade, ou calquera outro organismo público do que pase a depender o ordenamento do Servizo de Xantar a Domicilio, fose preciso introducir variantes no procedemento de adxudicación de prazas, estas realizaranse ó través de Resolución de Alcaldía previo informe técnico, dándose conta ó Pleno na sesión seguinte.

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta Regulamento por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final

O presente Regulamento, unha vez aprobado definitivamente, será publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcurra o prazos previstos nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

27/11/2008

Edicto - Boletín N° 274. Jueves, 27 ...

No caso de modificacións parciais, os artigos non modificados continuarán vixentes.

Brión, a 7 de novembro de 2.008.

O ALCALDE

Asdo: Jose Luís García García

Reg. 08/14038-x